

Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 25, do 10.2.1994.

Emendas á totalidade, BOPG núm. 33, do 2.3.1994.

Emendas ó articulado, BOPG núm. 34, do 3.3.1994.

Debate de totalidade, DSPG núm. 11, do 8.3.1994.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 88, do 21.6.1994.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 93, do 29.6.1994.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 93, do 29.6.1994.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 29, do 13.9.1994.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 120, do 24.9.1994.

Diario Oficial de Galicia núm. 210, do 31.10.1994.

Boletín Oficial del Estado núm. 303, do 20.12.1994.

Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia

A Constitución española, no seu artigo 148.1.5.º, establece que as comunidades autónomas poden asumir competencias en materia de estradas cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma.

Por outro lado, o Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27.8 que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de estradas non incorporadas á rede do Estado, que teñan o itinerario desenvolvido, así mesmo, integramente no territorio da Comunidade Autónoma.

Asumidas pola Xunta de Galicia as competencias en materia de estradas polo Decreto 156/1982, do 15 de decembro, resulta necesario, en consecuencia, determinalo réxime vixente sobre a materia, a partir da necesaria derogación da Lei 6/1983, do 22 de xuño, de limitacións da propiedade nas estradas non estatais de Galicia, mediante unha lei que ofrezca canles aptas para superar problemas, satisfacer necesidades e, ó mesmo tempo, salvagardar e garantir os intereses xerais da Comunidade Autónoma integrados neste sector público.

Esta Lei de estradas de Galicia trata de regular distintos aspectos do servizo viario, por medio de normas que respondan tanto ás novas esixencias técnicas coma ás demandas actuais dos usuarios e á realidade das peculiaridades da Comunidade Autónoma e ás súas características de distribución da poboación, moi espallada, ó tempo que concentrada en pequenos núcleos moi numerosos. Actualízanse tamén as definicións das estradas e fórmase unha nova clasificación e unha nova denominación delas.

No que se refire a plans, estudos de planificación e proxectos, establécese a necesaria coordinación cos instrumentos de planeamento urbanístico.

Os preceptos reguladores do uso, explotación e defensa da estrada oriéntanse directamente tanto a potenciar e mellorar os variados servizos, principais e complementarios, esixidos polas crecentes necesidades do tránsito público coma a protexer e conservar o patrimonio viario, que debe ser obxecto de coidadosa e esmerada atención, utilizando e aplicando estrictamente os procedementos que contén a lei para sancionar doadamente as infraccións a ela.

Por último, actualízase o especial réxime xurídico regulador das denominadas redes arteriais e travesías, de acordo coas circunstancias peculiares das estradas e dos tramos delas que discorren por solo urbano.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de estradas de Galicia.

Capítulo I

Disposicións xerais

Sección 1.^a

Obxecto e definicións

Artigo 1

É obxecto da presente lei a regulación da planificación, proxecto, construción, conservación, financiamento, uso e explotación das estradas con itinerario comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan de titularidade do Estado.

Artigo 2

1. Para os efectos desta lei considéranse estradas as vías de dominio e uso público proxectadas e construídas fundamentalmente para a circulación de vehículos

automóviles, nas que o itinerario non se desenvolva integramente en solo cualificado como urbano polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, coas excepcións que poidan derivarse do disposto respecto das redes arteriais.

2. Polas súas características, as estradas clasifícanse en autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais.

2.1.—Son autoestradas as estradas que están especialmente proxectadas, construídas e sinalizadas como tales para a exclusiva circulación de automóviles e que reúnen as seguintes características:

a) Non teren acceso a elas as propiedades contiguas.

b) Non cruzaren a nivel ningunha outra senda, vía, liña de ferrocarril ou de tranvía, nin seren cruzadas a nivel por ningunha senda, vía de comunicación ou servidume de paso.

c) Constaren de distintas calzadas para cada sentido de circulación, separadas entre si, agás en puntos singulares ou con carácter temporal, por unha franxa de terreo non destinada á circulación ou, en casos excepcionais, por outros medios.

2.2.—Son autovías as estradas que, non reunindo tódolos requisitos das autoestradas, teñen calzadas separadas para cada sentido da circulación e limitación de accesos desde as propiedades contiguas.

2.3.—Son corredores as estradas con limitación de accesos desde as propiedades contiguas, constituídas por unha soa calzada, que sexan proxectadas con previsión do seu futuro desdoblamento. As expropiacións e obras de fábrica, se é o caso, realizaranse tendo en conta a devandita previsión. Os concellos recollerán nos seus instrumentos de planeamento os ditos usos futuros.

2.4.—Son vías rápidas as estradas dunha soa calzada e con limitación total de accesos de e ás propiedades contiguas.

2.5.—Son estradas convencionais as que non reúnen as características propias das autoestradas, autovías, corredores ou vías rápidas.

3. Regulamentariamente estableceranse as limitacións á circulación nas estradas dos diferentes tipos de vehículos.

4. Son áreas de servicio as zonas contiguas ás estradas deseñadas expresamente para albergaren instalacións e servicios destinados á cobertura das necesidades da circulación e facilitaren a comodidade e a seguridade dos usuarios da estrada, podendo incluír estacións de subministración de carburantes, hoteis, restaurantes, talleres de reparación e outros servicios análogos.

5. É elemento funcional dunha estrada todo terreo ou instalación permanentemente afecto á conservación dela ou á explotación do

servicio público viario que fose adquirido mediante título lexítimo pola Administración titular da estrada ou da entidade concesionaria da súa explotación, se é o caso.

Artigo 3

1. Para os efectos desta lei non terán a consideración de estradas, nin se incluírán, polo tanto, nas redes da Comunidade Autónoma, das provincias ou dos concellos:

a) As vías que compoñen a rede urbana de comunicacións municipais.

b) Os camiños de servicio dos que sexan titulares o Estado, a Comunidade Autónoma, as entidades locais e demais entidades de dereito público.

c) Os camiños construídos polas persoas ou entidades privadas con finalidade análoga ós camiños de servicio.

2. Consideraranse camiños de servicio os construídos como elementos auxiliares ou complementarios das actividades específicas dos seus titulares, ós que lles corresponde atender tódolos gastos que ocasione a súa construción, reparación e conservación.

Cando as circunstancias que concorran nos camiños de servicio o permitan e o esixa o interese xeral, estes deberán abrirse ó uso público, segundo a súa natureza e lexislación específica.

Artigo 4

A titularidade das estradas de Galicia correspóndelles á Comunidade Autónoma ou ás entidades locais.

O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, aprobará por decreto a relación das estradas de titularidade autonómica.

As entidades locais aprobarán así mesmo a relación de estradas de titularidade provincial e municipal.

As anteditas aprobacións faranse de acordo cos correspondentes plans de estradas, e poderán modificarse nos seguintes supostos:

a) Por cambio de titularidade de estradas, de acordo cos procedementos desta lei.

b) Por construción de novas estradas.

c) Por variación de trazado en estradas existentes.

Artigo 5

Os cambios de titularidade de estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo de acordo entre as administracións afectadas.

Sección 2.^a

Competencias

Artigo 6

Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia:

a) Aproba-los plans de estradas de Galicia e as súas modificacións, nos termos previstos na presente lei, que lle serán remitidos para o seu exame ó Parlamento de Galicia.

b) Aproba-la relación e clasificación das estradas de titularidade das entidades locais, en defecto do correspondente plan.

c) Aproba-la incorporación á rede de titularidade autonómica, se é o caso, dos camiños particulares, así como dos camiños de servizo, cando sexan abertos ó uso público con carácter permanente.

d) Aproba-la incorporación de estradas ou de tramos delas doutras redes á rede de titularidade autonómica ou viceversa, logo de acordo entre as administracións afectadas.

e) Outorga-las concesións de explotación de novas estradas con itinerario comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que non sexan de competencia local.

f) Aproba-las redes arteriais e adscribi-las vías incluídas nelas ás redes de titularidade autonómica, provincial ou municipal, segundo corresponda.

g) Aproba-la relación de estradas de Galicia que pertencen á categoría de autoestrada, autovía, corredor ou vía rápida.

h) As restantes competencias que lle encomende o ordenamento xurídico vixente.

Artigo 7

Correspóndelle á consellería competente en materia de estradas:

a) Elabora-lo Plan de estradas da Comunidade Autónoma.

b) Elevarlle ó Consello da Xunta de Galicia os expedientes que lle deban ser sometidos, de conformidade co artigo anterior.

c) Aproba-los estudos, anteprojectos e proxectos relativos a estradas de titularidade autonómica.

d) Exerce-las facultades necesarias para a construción, conservación e explotación das estradas de titularidade autonómica.

e) Coordina-los plans provinciais e municipais de estradas e supervisa-la súa execución.

f) Outorga-las concesións de elementos susceptibles de explotación individualizada en áreas de servizo de estradas de titularidade autonómica con control de accesos.

g) Aprobar, no ámbito das súas competencias, a normativa técnica e administrativa para as estradas

de titularidade autonómica, provincial e municipal.

h) Cantas outras facultades non lles estean expresamente atribuídas a outros órganos da Administración nas materias a que se refire a presente lei.

Artigo 8

Correspóndelles ás entidades locais o exercicio das seguintes competencias:

1) O proxecto, construción, xestión, explotación, conservación e sinalización dos tramos da rede da súa titularidade, así como o exercicio nela das funcións de disciplina viaria, sen prexuízo dos acordos que poidan alcanzar coa Xunta de Galicia para o desempeño destas cuestións.

2) As restantes previstas no ordenamento xurídico.

Capítulo II

Réxime das estradas

Sección 1.^a

Planificación. Estudios e proxectos

Artigo 9

Os plans de estradas de Galicia deberán coordinarse entre si, mediante os procedementos establecidos nos artigos 11 e 12 da presente lei, para garanti-la funcionalidade do sistema de comuni-

cacións e harmoniza-los intereses públicos afectados.

Correspóndelle á consellería competente en materia de estradas fixa-las directrices de coordinación e planificación en materia de estradas de Galicia, co fin de garanti-la coherencia e funcionalidade do sistema viario da Comunidade Autónoma.

Artigo 10

1. Os plans de estradas comprenderán as previsións, os obxectivos e a programación de actuacións nelas, así como os criterios de revisión do propio plan. Neles, as estradas clasificaranse en tres redes: primaria básica, primaria complementaria e secundaria.

2. A rede primaria básica está formada por grandes eixes que, xunto coa rede de interese xeral do Estado, vertebran o territorio, conéctano coa rede de estradas das comunidades autónomas veciñas e relacionan entre si tanto os grandes centros de poboación coma os principais lugares de actividade económica.

3. A rede primaria complementaria comprende as demais estradas que conectan coas cabeceiras comarcais e cos núcleos de poboación importantes.

4. A rede secundaria comprende tódalas estradas non incluídas nas redes básica e complementaria.

5. Os plans de estradas incluírán a análise e o diagnóstico da rede

existente no momento da súa redacción, as previsións da situación da rede de estradas ó final do período de vixencia do plan, a programación de actuacións e o estudo económico e financeiro.

Artigo 11

1. Para as estradas que sexan de titularidade das deputacións, os plans provinciais de estradas conterán a clasificación da rede da súa titularidade.

2. A elaboración, redacción e aprobación inicial dos plans provinciais a que se refire o apartado anterior, así como as modificacións deles, correspóndenlles ás respectivas entidades provinciais. Redactado o plan, e antes da súa aprobación inicial polo Pleno da deputación, este someterase a informe dos concellos afectados. Os anteditos informes deberán ser emitidos no prazo de dous meses, e entenderase que son favorables se non se emitiron no referido prazo.

A aprobación definitiva destes plans corresponderalle ó Consello da Xunta de Galicia, logo de informe da consellería competente en materia de estradas, dándose por producida a dita aprobación polo transcurso de seis meses desde a entrada do expediente no Rexistro do concello sen que este comunique resolución.

As determinacións do plan considéranse vinculantes para efectos da súa inclusión nos programas de investimentos das deputacións.

Artigo 12

1. Os concellos poden formular plans municipais de estradas cando así o decidan ou o esixa a densidade das redes existentes.

2. A elaboración dos plans municipais, así como as súas modificacións, correspóndenlles ás respectivas entidades locais e a súa aprobación inicial ós plenos delas. Logo de aprobados inicialmente, serán sometidos a informe da deputación provincial, que deberá emitilo no prazo de dous meses, e entenderase que é favorable se non se emitiu no dito prazo.

A aprobación definitiva destes plans corresponderalle ó Consello da Xunta de Galicia, logo de informe da consellería competente en materia de estradas, dándose por producida a dita aprobación polo transcurso de seis meses desde a entrada do expediente completo no Rexistro do concello sen que este comunique resolución.

Artigo 13

1. Tódolos estudos, anteprojectos e proxectos a que fai referencia este capítulo redactaranse con suxeición ás normas técnicas aprobadas pola Administración competente, particularmente no que se refire á sinalización e ó balizamento de estradas, así como a calquera outro aspecto que se derive do cumprimento de tratados, convenios, acordos e recomendacións de carácter internacional subscritos polo Estado español.

2. Os proxectos de novas estradas das que sexan titulares as entidades locais serán aprobados pola corporación correspondente e sometidos a informe previo con carácter vinculante da consellería competente en materia de estradas.

Artigo 14

1. Os estudos de estradas que en cada caso requiran a execución dunha obra adaptaranse ós seguintes tipos establecidos en razón da súa finalidade:

a) Estudio de planeamento.

Consiste na definición dun esquema vial nun determinado ano horizonte, así como das súas características e dimensións recomendables, necesidades de solo e outras limitacións á vista do planeamento territorial e de transporte.

b) Estudio previo.

Consiste na recompilación e análise dos datos necesarios para definir, en liñas xerais, as diferentes solucións dun determinado problema, valorando tódolos seus efectos.

c) Estudio informativo.

Consiste na definición, en liñas xerais, do trazado da estrada para efectos de que poida servir de base para o expediente de información pública que se poida incoar.

d) Anteprojecto.

Consiste no estudo a escala adecuada e na conseguinte avalia-

ción das mellores solucións ó problema presentado, de xeito que se poida concreta-la solución óptima.

e) Proxecto de construción.

Consiste no desenvolvemento completo da solución óptima, co detalle necesario para que sexa factible a súa construción e posterior explotación.

f) Proxecto de trazado.

É a parte do proxecto de construción que contén os aspectos xeométricos deste, así como a definición concreta dos bens e dereitos afectados.

2. Os estudos e proxectos citados constarán dos documentos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 15

1. Cando se trate da construción dunha nova estrada ou variante de poboación non prevista no planeamento urbanístico vixente, a Administración titular da estrada aprobará tecnicamente o correspondente estudio informativo ou proxecto de trazado, que deberá someterse ó trámite de información pública durante un prazo de trinta días hábiles, na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Unicamente poderán ser tidas en conta neste trámite as observacións relativas ás circunstancias que xustifiquen a declaración de

interese xeral da estrada e sobre a concepción global do seu trazado.

A aprobación do expediente de información pública correspóndelle ó conselleiro competente en materia de estradas.

2. Simultaneamente coa información pública antedita, deberá remitirse o estudio ou proxecto á consellería competente en materia de estradas e ás administracións afectadas para que, no prazo de un mes, examinen se o trazado proposto é o máis axeitado para o interese xeral e para os intereses das localidades e provincias afectadas. Transcorrido o dito prazo e un mes máis sen que as administracións afectadas emitan informe ó respecto, entenderase que están conformes co estudio ou proxecto.

No caso de desconformidade, que necesariamente deberá ser motivada, o expediente seralle elevado ó Consello da Xunta de Galicia, que o aprobará, se procede.

3. A aprobación definitiva do estudio informativo ou proxecto de trazado dunha nova estrada ou variante de poboación comportará a modificación ou revisión do planeamento urbanístico existente, que deberá acomodarse ás determinacións do estudio no prazo de un ano desde a data da dita aprobación.

A antedita aprobación definitiva comportará a inclusión da nova estrada ou variante nos instrumentos de planeamento que se elabo-

ren con posterioridade.

A delimitación do tramo da estrada que constitúe a variante de poboación correspóndelle ó organismo competente da Administración titular da estrada.

4. Acordada a redacción, revisión ou modificación dun instrumento de planeamento que afecte estradas, o organismo competente para outorga-la súa aprobación inicial deberá enviarlles, con anterioridade á dita aprobación, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que emitan, no prazo de un mes, e con carácter vinculante, informe comprensivo das suxestións que estimen convenientes.

5. A Administración titular da estrada someterá os estudos e proxectos que afecten as actividades das distintas consellerías da Xunta de Galicia ó seu informe, de conformidade co establecido sobre o particular polas disposicións vixentes.

Artigo 16

1. A aprobación dos proxectos de estradas de titularidade autonómica implicará a declaración de utilidade pública e da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición de dereitos correspondentes ós fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

2. A declaración de utilidade pública e da necesidade de ocupación inclúe tamén os bens e derei-

tos comprendidos no replanteo do proxecto e nas modificacións de obras que se poidan aprobar posteriormente.

3. Para os efectos indicados nos apartados anteriores, os proxectos de estradas e as súas modificacións deberán comprender a definición do seu trazado e a determinación dos terreos, construcións ou outros bens ou dereitos que se estime preciso ocupar ou adquirir para a construción actual ou prevista, para a defensa ou servizo daquelas e para a seguridade da circulación.

4. A aprobación dun proxecto de construción ou de trazado, se é o caso, dunha nova estrada implicará a aplicación a ela dos preceptos relativos ó uso e á defensa das estradas en igual forma que as existentes.

Artigo 17

Nos supostos de actuación sobre travesías existentes que afecten terreos situados fóra da zona de circulación, a Administración titular da estrada remitiralle o proxecto ó concello correspondente para que no prazo de un mes emita informe sobre el. No caso de non emitir informe no prazo indicado, entenderase que non existe ningunha obxección ó proxecto.

Artigo 18

Os estudos, anteprojectos ou proxectos de novas estradas ou de variantes de poboación que deban ser sometidos ó trámite de infor-

mación pública deberán incluír, en todo caso, o correspondente estudo de impacto ambiental.

Sección 2.^a

Construcción

Artigo 19

Só se poderán construír novas estradas cando estas estean previstas no seu correspondente plan.

Artigo 20

1. As obras de construción, reparación ou conservación de estradas, por constituíren obras públicas de interese xeral, non están sometidas ós actos de control preventivo municipal a que se refire o artigo 84.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. A execución das anteditas obras, sempre que se realice de acordo cos proxectos aprobados, unicamente poderá ser suspendida pola autoridade xudicial.

Sección 3.^a

Financiamento

Artigo 21

1. O financiamento das actuacións na rede de estradas efectuarase mediante as consignacións que para tal efecto se inclúan nos presupostos da Administración titular delas, os recursos que proveñan doutras administracións

públicas e doutras entidades ou, excepcionalmente, de particulares.

2. Tamén poderá producirse o financiamento mediante contribucións especiais na forma e cos requisitos contidos no artigo 22.

3. As estradas que se vaian explotar en réxime de xestión indirecta financiaranse mediante recursos propios das entidades concesionarias, os alleos que estas mobilicen e as subvencións que se poidan outorgar.

Artigo 22

1. Poderanse impoñer contribucións especiais cando da execución das obras que se realicen para a construción de estradas, accesos ou vías de servizo resulte a obtención por persoas físicas ou xurídicas dun beneficio especial, aínda que este non se poida fixar nunha cantidade concreta. O aumento de valor de determinados predios por mor da execución das obras terá para estes efectos a consideración de beneficio especial.

2. Serán suxeitos pasivos destas contribucións especiais aqueles que se beneficien de modo directo coas estradas, accesos ou vías de servizo e, especialmente, os titulares dos predios e establecementos contiguos e os das urbanizacións que resulten melloradas na súa comunicación.

3. A base impoñible determinarase pola seguinte porcentaxe do custo total das obras, incluído o prezo xusto das exporciacións,

agás, en canto ó suxeito pasivo que sexa titular do ben expropiado, a parte correspondente do prezo xusto:

a) Con carácter xeral, ata o 25 por 100.

b) En vías de servizo, ata o 50 por 100.

c) Nos accesos de uso particular para determinado número de predios, urbanizacións ou establecementos, ata o 90 por 100.

4. O importe total das contribucións especiais repartirase entre os suxeitos pasivos atendendo a aqueles criterios obxectivos que, segundo a natureza das obras, construcións e circunstancias que concorran naqueles, se determinen de entre os que figuran a continuación:

a) Superficie dos predios beneficiados.

b) Situación, proximidade e accesos á estrada dos predios, construcións, instalacións, explotacións ou urbanizacións.

c) Bases impositivas nas contribucións territoriais dos predios beneficiados.

d) Os que determine o decreto que estableza a contribución especial en atención ás circunstancias particulares que concorran na obra.

5. O Consello da Xunta de Galicia acordará, mediante decreto aprobado por proposta das consellerías competentes en materia de

economía e facenda e de estradas, o establecemento de contribucións especiais nos supostos a que se refire a presente lei, as cales só se poderán referir á rede de titularidade da Comunidade Autónoma.

6. No caso das entidades locais haberá que averse ó disposto na lexislación de réxime local.

Artigo 23

O Consello da Xunta de Galicia creará unha empresa pública baixo a forma de sociedade mercantil, encargada de proxectar, xestionar a construción e, se é o caso, conservar, por conta da Comunidade Autónoma, as obras de infraestrutura viaria que lle sexan encomendadas.

Sección 4.^a

Explotación

Artigo 24

1. As estradas poden ser explotadas pola Comunidade Autónoma, as entidades locais e os particulares.

2. A Comunidade Autónoma e as entidades locais, como regra xeral, explotarán directamente as autoestradas ó seu cargo.

Nos supostos de peaxe, as tarifas correspondentes ás autoestradas de titularidade autonómica serán aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 25

1. As estradas poden ser explotadas por sistemas de xestión indirecta.

2. As estradas en réxime de concesión administrativa rexeranse polo disposto na lexislación específica.

3. No caso da rede de titularidade autonómica, se a explotación dunha estrada se efectúa por xestión interesada, por concerto con persoa natural ou xurídica ou por unha sociedade de economía mixta, correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia acordar, por decreto, os termos da xestión e a constitución da sociedade.

Artigo 26

1. As persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que en aplicación doutros sistemas de xestión diferentes da concesión resultasen titulares da explotación das estradas poderán gozar dos beneficios fiscais e financeiros que para o réxime de concesión dispoña a lexislación vixente. Tales beneficios están suxeitos ós mesmos condicionamentos establecidos no suposto de se-las estradas obxecto de concesión administrativa.

2. O contrato de xestión, calquera que sexa a súa modalidade, terá que determina-lo correspondente réxime xurídico-administrativo e económico-financeiro, así como as fórmulas de reparto entre os

contratantes ou socios, dos beneficios e riscos da xestión.

Artigo 27

1. A explotación das estradas comprende as operacións de conservación e mantemento, as actuacións encamiñadas á defensa da vía e ó seu mellor uso, incluíndo as referentes a sinalización, estudo e aplicación da normativa de tráfico e seguridade vial, así como a ordenación de accesos e uso das zonas de dominio público, de servidume e de afección.

2. A Administración titular da estrada ou, se é o caso, a persoa física ou xurídica titular da súa xestión será a única competente para a sinalización permanente dela fóra das travesías, debendo considerarse ilegal, para tódolos efectos, toda sinalización establecida por calquera outra persoa ou entidade sen previa autorización da antedita Administración, agás no caso de emerxencia.

Artigo 28

1. A Administración titular da estrada facilitará a existencia das áreas de servizo necesarias para a seguridade e comodidade do usuario e o bo funcionamento da circulación.

2. Regulamentariamente estableceranse as distancias mínimas entre as ditas áreas e mailas súas características funcionais, de tal xeito que se garanta a prestación dos servizos esenciais así como a protección da paisaxe e dos

demais elementos naturais do contorno e a seguridade da circulación.

3. As áreas de servizo poderán ser explotadas por calquera dos sistemas de xestión de servizos públicos.

As condicións para o outorgamento de concesións de áreas de servizo estableceranse nun prego de condicións xerais, que será aprobado pola consellería competente en materia de estradas e publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

Capítulo III

Uso e defensa das estradas

Sección 1.^a

Limitacións da propiedade

Artigo 29

1. Para os efectos da presente lei establécese a área de influencia das estradas, que está integrada polas seguintes zonas: de dominio público, de servidume e de afectación.

2. As obras, instalacións, edificacións, cerramentos e calquera outra actividade que afecte terreos comprendidos na área de influencia das estradas, incluída a plantación de árbores, requirirán, en todo caso, expresa autorización do órgano competente da Administra-

ción titular da estrada, sen prexuízo doutras competencias concorentes e do disposto no artigo 53 da presente lei, exceptuándose os labores agrícolas que non supoñan unha modificación da configuración do terreo.

3. As autorizacións a que se refire o apartado anterior entenderanse outorgadas sen prexuízo de terceiro, e sempre a precario na parte en que afecten a zona de dominio público. O órgano competente da Administración titular da estrada establecerá, se é o caso, unha fianza en metálico para garantir a execución das obras conforme as condicións impostas, que deberá depositar a persoa ou entidade que materialmente as realice.

4. Serán nulas de pleno dereito as licencias e autorizacións administrativas outorgadas sen axustarse ó disposto nesta lei.

5. Aprobado o proxecto de construción ou de trazado, se é o caso, dunha nova estrada, as ditas áreas e zonas quedarán establecidas para ela con igual efecto que para as estradas existentes.

Artigo 30

1. Integran a zona de dominio público os terreos adquiridos por título lexítimo pola Administración titular da estrada para a construción desta e dos seus elementos funcionais.

O límite exterior da zona de dominio público non poderá sobrepassalos quince metros de

largo a cada lado da explanación en autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas, e os dez metros de largo no resto das estradas, medidos en horizontal e perpendicularmente ó eixe da calzada máis próxima, desde a aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas previstas e ós seus elementos funcionais.

A aresta exterior da explanación é a intersección do noiro do desmonte, do terraplén ou, se é o caso, dos muros de sustentación que a delimitan co terreo natural.

Nos casos especiais de pontes, viaductos, túneles, estruturas ou obras similares, poderase fixar como aresta exterior da explanación a liña de proxección vertical do bordo das obras sobre o terreo. Será en todo caso de dominio público, como mínimo, o terreo ocupado polos soportes da estrutura.

2. Só se poderán realizar obras, actuacións ou instalacións na zona de dominio público da estrada cando a prestación dun servizo público de interese xeral así o esixa, se trate de conexión con ese servizo, de obras imprescindibles para acceder á estrada ou de instalacións provisionais por prazo fixado, logo de audiencia do órgano competente da Administración titular da estrada. Todo isto sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 1.

Artigo 31

1. A zona de circulación da estrada é a parte da zona de dominio público constituída pola calzada e as súas beiravías.

2. En ningún caso se poderán executar obras, actuacións ou instalacións que afecten a zona de circulación da estrada sen autorización do órgano competente da Administración titular dela.

Artigo 32

1. A zona de servidume das estradas consistirá en dúas franxas de terreo a ámbolos lados delas, delimitadas interiormente pola zona de dominio público definida no artigo 30 e exteriormente por dúas liñas paralelas ó dito límite, a unha distancia de dezasete metros en autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas, e de dous metros no resto das estradas, medidas desde o límite exterior da zona de dominio público.

2. Na zona de servidume non se poderán realizar obras nin se permitirán máis usos que aqueles que sexan compatibles coa seguridade vial, logo de autorización, en calquera caso, do órgano competente da Administración titular da estrada, sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 53.

3. En todo caso, o organismo competente da Administración titular da estrada poderá utilizar ou autoriza-la utilización da zona de servidume por razóns de interese

xeral ou cando o requira o mellor servizo da estrada.

4. Serán indemnizables a ocupación da zona de servidume e os danos e perdas que se causen pola súa utilización.

Artigo 33

1. A zona de afección das estradas consistirá en dúas franxas de terreo a ámbolos lados delas, delimitadas interiormente pola zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas da explanación, a unha distancia de cen metros no caso das autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas, e de trinta metros no resto das estradas, medidas desde as citadas arestas.

2. Para executar na zona de afección calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambia-lo uso ou destino delas e plantar ou cortar árbores, requirírase a previa autorización do órgano competente da Administración titular da estrada, sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 53.

Artigo 34

1. Prohíbese toda aquela publicidade que sexa visible desde as zonas de dominio público da estrada, agás nos tramos urbanos, onde a publicidade estará sometida ás ordenanzas municipais, debendo situarse fóra das zonas de dominio público e non afectar nin interferir as sinalizacións, iluminación ou balizamento da estrada, sen que

esta prohibición poida dar, en ningún caso, dereito a indemnización.

Os planeamentos municipais deberán adaptarse a esta normativa.

2. Non se considera publicidade para os efectos desta lei:

a) A rotulación informativa das vías.

b) As indicacións de orde xeral que sexan de interese para o usuario, tales como información sobre talleres, restaurantes, exposicións, feiras, celebracións, etc., sempre que non conteñan nomes comerciais.

c) Os rótulos e marcas comerciais que se dispoñan no edificio ou predio no que se desenvolva a actividade anunciada.

3. En todo caso, para a colocación de calquera clase de letreiro, cartel ou reclamo, fóra das zonas urbanas, será preceptiva a autorización do órgano competente da Administración titular da estrada, que atenderá ademais do anteriormente expresado que as condicións de forma, tamaño, situación e iluminación non sexan prexudiciais para a seguridade da circulación, para o que deberán axustarse ás características que regulamentariamente se determinen.

Artigo 35

1. A ámbolos dous lados das estradas establécese a liña límite de edificación, desde a cal ata a

estrada queda prohibido calquera tipo de obras de construción, reconstrución ou ampliación, agás as que resulten imprescindibles para a mera conservación e mantemento das construcións existentes, que precisarán autorización do órgano competente da Administración titular da estrada.

A liña límite de edificación sitúase ás distancias que se indican a continuación, medidas horizontalmente a partir da aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas previstas e ós seus elementos funcionais e perpendicularmente ó eixe da calzada máis próxima:

a) Autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e variantes de poboación: trinta metros.

b) Estradas da rede primaria básica non incluídas nas categorías anteriores: doce metros.

c) Estradas da rede primaria complementaria: nove metros e medio.

d) Resto das estradas: sete metros.

2. Cando nunha estrada de titularidade provincial ou municipal as edificacións sexan continuadas, ou as características do lugar fagan imposible o respecto das distancias sinaladas no apartado anterior, a Administración titular da estrada, logo de informe favorable da consellería competente en materia de estradas, poderá reducir excepcionalmente aquelas,

sempre que quede garantida unha suficiente ordenación das marxes da estrada e o adecuado control dos seus accesos.

3. Con carácter excepcional, nos tramos de estradas que discorran por zonas urbanas, a consellería competente en materia de estradas poderá establecer a liña límite de edificación a unha distancia distinta á fixada no apartado 1 anterior, de conformidade co procedemento que regulamentariamente se estableza.

4. Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo de informe das entidades locais afectadas, poderá por razóns xeográficas ou socio-económicas fixar unha liña límite de edificación a unha distancia inferior á establecida con carácter xeral, aplicable a determinadas estradas en zonas ou comarcas perfectamente delimitadas.

5. Nos lugares onde a liña límite de edificación, definida de acordo co disposto no apartado 1 do presente artigo, quedase dentro da zona de servidume, a citada liña farase coincidir co bordo exterior da dita zona.

Exceptúanse os casos previstos nos apartados 2, 3 e 4 do presente artigo.

Artigo 36

No caso dos corredores, a área de influencia e a liña de edificación fixaranse en función do seu

futuro desdoblamento.

Artigo 37

Desde o límite exterior da zona de dominio público ata a liña límite de edificación, a Administración titular da estrada poderá proceder á expropiación dos bens existentes de acordo coa normativa vixente, entendéndose implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación, sempre que exista previamente un proxecto aprobado de trazado ou de construción, para reparación, ampliación ou conservación da estrada.

Artigo 38

1. A Administración titular das estradas pode limita-los accesos a elas e establecer con carácter obrigatorio os lugares nos que tales accesos se poidan construír.

2. Así mesmo queda facultada para reordena-los accesos existentes co obxecto de mellora-la explotación da estrada e a seguridade vial, para o que poderá expropia-los terreos necesarios.

3. Cando os accesos non previstos sexan solicitados polos particulares directamente interesados, o órgano competente da Administración titular da estrada poderá convir con estes a contribución económica procedente en cada caso, sempre que o acceso sexa de interese público ou exista imposibilidade doutro tipo de acceso.

4. As propiedades contiguas non

terán acceso directo ás novas estradas e variantes de poboación, de acordo co que se determine nos correspondentes estudos.

Artigo 39

1. Non se autorizarán cerramentos nas zonas de dominio público nin nas de servidume.

2. Por circunstancias especiais de aproveitamento agrícola ou gandeiro, poderán ser autorizados cerramentos diáfanos nas zonas de servidume ou afección das estradas pero non nas de dominio público. Cando por razón de interese público ou por obras de novas vías, desdoblamento de calzada ou ensanche da plataforma da estrada resulte necesario o retranqueo de cerramentos de predios, estes poderán levarse a efecto nas mesmas condicións existentes con anterioridade ó proxecto de obra, en canto á súa estrutura e distancia da aresta exterior á plataforma, debendo quedar en todo caso fóra da zona de dominio público.

Non terán o dereito de reposición a que se refire o parágrafo anterior aqueles cerramentos que fosen denunciados por construírse sen a correspondente autorización ou con incumprimento das condicións dela.

Sección 2.^a

Uso das estradas

Artigo 40

A Administración titular das estradas, sen prexuízo do establecido noutras disposicións e das facultades doutros organismos, poderá imponer, no ámbito das súas competencias, cando as condicións, situacións, esixencias técnicas ou seguridade vial das estradas o requiran, limitacións temporais ou permanentes á circulación en certos tramos ou partes das estradas e sinaliza-las correspondentes ordenacións resultantes da circulación. Compételle igualmente fixa-las condicións das autorizacións excepcionais que, segundo o caso, poida outorga-lo órgano competente.

Artigo 41

As actuacións públicas ou privadas que polas súas características propias poidan xerarlles, a xuízo da Administración titular da estrada, problemas á circulación ou danos ás estradas deberán ser sometidas a un estudio de avaliación do seu impacto potencial sobre o sistema viario, realizado polo seu promotor nos termos que regulamentariamente se determinen, e obte-la correspondente autorización administrativa, que contemplará as condicións que se deberán cumprir para palia-lo dito impacto.

Artigo 42

A Administración titular das estradas poderá establecer en puntos estratéxicos da rede de estradas instalacións para medi-la densidade do tráfico e estacións de pesaxe

para coñecemento e control das características da demanda de tráfico sobre a infraestrutura das estradas. As sobrecargas que constitúan infracción serán sancionadas polas autoridades competentes en cada caso.

Sección 3.^a

Infraccións e sancións

Artigo 43

1. O incumprimento das disposicións da presente lei ten a consideración de infracción administrativa.

As infraccións tipificadas nos apartados seguintes deste artigo clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Son infraccións leves:

a) Realizar obras, instalacións ou actuacións de pouca importancia ou transcendencia para a estrada nas zonas de dominio público, de servidume ou de afección da estrada, levadas a cabo sen as autorizacións ou licencias requiridas, ou incumprir algunha das prescricións impostas nas autorizacións outorgadas, cando poidan ser obxecto de legalización posterior.

b) Colocar, verter, guindar ou abandonar dentro da zona de servidume obxectos ou materiais de calquera natureza que non produzan ningún dano.

3. Son infraccións graves:

a) Realizar obras, instalacións ou actuacións non permitidas nas zonas de servidume ou de afección da estrada, ou de pouca transcendencia na zona de dominio público, levadas a cabo sen as autorizacións ou licencias requiridas, ou incumprir algunha das prescricións impostas nas autorizacións outorgadas, cando non fose posible a súa legalización posterior.

b) Deteriorar non intencionadamente calquera elemento da estrada directamente relacionado coa ordenación, orientación e seguridade da circulación.

c) Destruír, deteriorar, alterar ou modificar calquera obra ou instalación da estrada ou dos elementos funcionais dela.

d) Colocar, verter, guindar ou abandonar dentro da zona de dominio público obxectos ou materiais de calquera natureza.

e) Realizar na zona de dominio público cruzamentos aéreos ou subterráneos non permitidos, sen a pertinente autorización ou sen aterse ás condicións da autorización outorgada.

f) Colocar carteis informativos nas zonas de dominio público, servidume ou afección sen autorización do organismo competente da Administración da que dependa a estrada.

g) Realizar na área de influencia da estrada calquera obra ou actuación que dalgunha forma interfira ou modifique as condicións de

desaugamento da estrada e as súas obras de fábrica.

h) A reincidencia en faltas leves.

4. Son infraccións moi graves:

a) Realizar obras, instalacións ou actuacións non permitidas na zona de dominio público, levadas a cabo sen as autorizacións ou licencias requiridas, ou incumprir algunha das prescricións impostas nas autorizacións outorgadas, cando non fose posible a súa legalización posterior.

b) Substraer, engadir ou modificar en calquera forma un elemento ou conxunto de elementos permanentes da estrada, ou eventualmente autorizados, relacionados coa ordenación ou seguridade da circulación, ou alteralos en calquera forma que modifique o réxime da circulación establecido con aqueles.

c) Destruír, deteriorar, alterar ou modificar calquera obra ou instalación da estrada ou dos elementos funcionais dela cando as actuacións afecten a calzada ou as beiravías.

d) Establecer na zona de afección instalacións de calquera natureza ou realizar algunha actividade que resulte perigosa, incómoda ou insalubre para os usuarios da estrada sen adoptalas medidas pertinentes para evitalo.

e) Danar ou deteriora-la estrada circulando con pesos ou cargas

que excedan os límites autorizados ou por calquera outro procedemento.

f) As cualificadas como graves cando se aprecie reincidencia.

g) Establecer calquera clase de publicidade na área de influencia da estrada.

h) Depositar, verter ou abandonar obxectos ou materiais de calquera natureza na zona de circulación da estrada.

Artigo 44

1. O procedemento para sancionar as infraccións ós preceptos desta lei iniciárase de oficio a Administración titular da estrada ou como consecuencia de denuncia formulada por particulares.

2. Nos supostos nos que actos cometidos contra a estrada ou os seus elementos puidesen ser constitutivos de delicto ou falta, a Administración titular da estrada pasarálle o tanto de culpa á autoridade xudicial competente e absterase de proseguir-lo procedemento sancionador mentres esta non se pronuncie. A sanción da autoridade xudicial excluirá a imposición de multa administrativa. De non se estimar a existencia de delicto ou falta, a Administración poderá proseguir-lo expediente sancionador con base nos feitos que os tribunais considerasen probados.

Artigo 45

O órgano competente da Admi-

nistración titular da estrada poderá adoptar as seguintes medidas cando teña coñecemento dunha posible infracción:

a) Ordena-la paralización inmediata das obras ou usos non autorizados ou que non se axusten ás condicións impostas na autorización.

b) Ordena-la restitución do medio físico ás condicións anteriores ás actuacións que poidan constituír infracción, cando supoñan perigo para a circulación.

Artigo 46

Serán responsables das infraccións:

Polo modo ou forma de executa-la obra ou actuación, o seu executor material.

Polo que respecta á existencia ou non de autorización e ó cumprimento ou incumprimento das condicións dela, o promotor ou titular da obra ou actuación.

No relativo á publicidade, será responsable a empresa anunciadora e, subsidiariamente, o propietario dos terreos nos que se instale.

Artigo 47

1. As infraccións ás que se refire o artigo 43 serán sancionadas atendendo ós danos e perdas producidos, segundo o caso, ó risco creado e á intencionalidade do causante, coas seguintes multas:

a) Infraccións leves, multa de 25.000 a 250.000 pesetas.

b) Infraccións graves, multa de 50.000 a 1.000.000 de pesetas.

c) Infraccións moi graves, multa de 200.000 a 25.000.000 de pesetas.

2. Malia o que se dispón anteriormente, no suposto de obras, instalacións ou construcións, segundo se trate de infraccións leves, graves ou moi graves, a multa imposta non poderá ser inferior ó 5, 10 ou 15 por 100, respectivamente, do valor da obra realizada.

3. Cando as actuacións que constitúan infracción non poidan ser legalizadas conforme o disposto nesta lei, a resolución recaída no expediente sancionador incluírá a obriga do responsable da infracción de repoñe-lo medio físico ó estado anterior á comisión da infracción, establecendo un prazo para o seu cumprimento.

4. Con independencia das multas previstas no apartado 1 anterior, e de forma compatible con elas, os órganos sancionadores, logo de transcorrido o prazo establecido na resolución correspondente sen que o infractor lle dese cumprimento á obriga de reposición recaída no expediente sancionador, poderán impoñer multas coercitivas de conformidade co establecido no procedemento sancionador administrativo xeral, co correspondente requirimento e apercibimento previo.

5. A contía de cada unha das anteditas multas non superará o 20 por 100 da multa fixada pola infracción cometida, e estas poderán ser reiteradas indefinidamente mentres persistan os efectos da infracción.

6. En caso de reincidencia en faltas moi graves, a contía da sanción poderase incrementar ata un 50 por 100.

7. Hai reincidencia cando se cometa unha infracción análoga á que motiva a sanción anterior no prazo dos dezoito meses seguintes á notificación daquela. En tal suposto requirirase que a primeira resolución sancionadora xa adquirise firmeza en vía administrativa.

Artigo 48

1. A imposición de sancións por infraccións nas estradas de titularidade autonómica corresponderalles:

a) Ós delegados provinciais da consellería competente en materia de estradas, para as infraccións leves.

b) Ó director xeral competente en materia de estradas, para as infraccións graves.

c) Ó conselleiro competente en materia de estradas, para as infraccións moi graves que leven aparelhada multa de ata 5.000.000 de pesetas.

d) Ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta do mesmo conse-

lleiro, para as infraccións moi graves que leven aparellada multa de máis de 5.000.000 de pesetas.

2. A imposición da sanción correspondente será independente da obriga de restituí-lo medio físico ó estado anterior á comisión da infracción, se é o caso, así como da indemnización dos danos e perdas causados, cun importe que fixará o órgano competente da Administración da que dependa a estrada.

3. O prazo de prescrición das infraccións ás que se refire o artigo 43 será de cinco anos para as moi graves, de tres anos para as graves e de un ano para as leves, que se contará desde a súa total consumación. Non obstante, esixirase a restitución das cousas e a súa reposición ó estado anterior, calquera que sexa o tempo transcorrido.

Artigo 49

1. A produción de danos a unha estrada ou ós seus elementos funcionais orixinará a incoación e tramitación do correspondente expediente administrativo ó presunto responsable, co fin de determinala indemnización dos danos e perdas causados, que serán avaliados polo organismo competente da Administración titular da estrada.

2. Cando a reparación dun dano sexa urxente para o servizo normal da estrada e para a seguridade da circulación, o órgano competente da Administración titular da

estrada deberá realizala inmediatamente, a cargo do causante.

Artigo 50

O importe de toda clase de multas e dos gastos ocasionados pola execución subsidiaria das actuacións de restitución do medio físico ó estado anterior á comisión da infracción ou pola reparación de danos pode ser esixido pola vía administrativa de constrinximento.

Capítulo IV

Travesías e redes arteriais

Artigo 51

Os tramos de estrada que discorran por solo urbano ou estean incluídos nunha rede arterial rexeranse polas disposicións do presente capítulo e polas demais contidas nesta lei no que resulten aplicables.

Artigo 52

1. Para os efectos desta lei denominarase rede arterial dunha poboación ou grupo de poboacións o conxunto de tramos de estradas actuais ou previstos que establezan de forma integrada a continuidade e a conexión dos distintos itinerarios de estradas, ou presten debido acceso ós núcleos de poboación afectados; será definida polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe do concello ou concellos

afectados.

Logo de definida unha rede arterial, os concellos afectados terán a obriga de incluí-la dita rede nos instrumentos de planeamento urbanístico que se aproben no futuro, así como de modifica-los existentes coa mesma finalidade no prazo de un ano desde a súa definición.

2. Considéranse tramos urbanos de estradas aqueles que discorran integramente por solo cualificado como urbano polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

3. Considérase travesía a parte de tramo urbano no que existan, polo menos nunha das súas marxes, edificacións consolidadas en máis das dúas terceiras partes da súa lonxitude e unha trama de rúas; debe ser delimitada por mutuo acordo dos órganos competentes da Administración da que dependa a estrada e do concello ou concellos afectados, tendo en conta que, para estes efectos, se considera edificación a obra ou fábrica construída para habitación ou usos análogos, constituíndo un espacio cuberto, delimitado por muros de cerramento.

4. Para os efectos desta lei considérase que nun tramo urbano existe unha poboación, unicamente, cando nel existe unha travesía.

Artigo 53

1. O outorgamento de autoriza-

cións para realizar obras ou actividades non executadas pola Administración titular da estrada que afecten a zona de circulación dos tramos urbanos ou travesías correspóndelle á referida Administración, sen prexuízo doutras competencias concorrentes.

2. O outorgamento de autorizacións para realizar obras ou actividades non executadas pola Administración titular da estrada no resto da zona de dominio público dos tramos urbanos correspóndelle ós concellos, logo de informe vinculante da antedita Administración, que deberá versar sobre aspectos relativos a disposicións da presente lei ou do seu regulamento. Este informe será tamén preciso no caso de obras que vaia realiza-lo propio concello.

3. Nas zonas de servidume e afección dos tramos de estrada indicados no número anterior, as autorizacións de usos e obras outorgaranas os concellos, debendo axustarse ó disposto no artigo 35 respecto da liña límite de edificación.

Se o instrumento de planeamento urbanístico vixente non foi sometido a informe do órgano competente da Administración titular da estrada, na forma prevista no artigo 15, deberán obter, con carácter previo, o informe vinculante do referido órgano, que deberá versar sobre disposicións contidas na presente lei ou no seu regulamento.

4. Nas travesías correspóndelles ós concellos o outorgamento de toda clase de licencias e autorizacións sobre actividades que se vaian desenvolver en terreos contiguos ás estradas situados nas zonas de servidume ou afección. Os concellos poderán sinalizalas estradas nas travesías, logo de informe vinculante da Administración titular da estrada.

5. Calquera autorización outorgada sen axustarse a esta lei, sen os informes previos requiridos ou sen axustarse a eles será nula.

6. As competencias dos concellos establecidas pola presente lei para autorizar obras ou actuacións que afectan a tramos urbanos ou travesías de estradas comportan a responsabilidade deles para sancionalas infraccións que poidan cometerse nos ámbitos afectados polas anteditas competencias, sen prexuízo da execución das súas competencias polo órgano titular da vía.

Artigo 54

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 4 as estradas autonómicas ou provinciais ou os tramos determinados delas nos que a circulación adquira características urbanas entregaránselles ós concellos respectivos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da Administración titular da estrada e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo de informe de ámbolos organismos.

2. Malia o disposto no apartado

anterior, a Administración titular da estrada e as entidades locais respectivas poderán convida-lo que estimen procedente para a mellor conservación e funcionalidade de tales vías.

Disposición adicional

A Xunta de Galicia, mediante decreto, poderá actualizarla contía das sancións previstas nesta lei.

Disposición transitoria primeira

No prazo de un ano desde a entrada en vigor da presente lei deberá ser retirada calquera clase de publicidade que contraveña disposicións dela.

Disposición transitoria segunda

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor da presente lei deberán adaptarse tódolos instrumentos de planeamento urbanístico ás disposicións que nela se conteñen.

Disposición derradeira

A Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, aprobará o regulamento xeral de execución da presente lei, dentro dos seis meses seguintes á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 1994

Manuel Fraga Iribarne
Presidente